



*Carlota
Fernández Travieso*

LIBROS DE EMBLEMAS, ENCICLOPEDIAS E REPERTORIOS DE FIGURACIONES ALEGÓRICAS

EN BIBLIOTECAS DA PROVINCIA DA CORUÑA: UN CATÁLOGO



A Coruña, SIELAE, 2013

CARLOTA FERNÁNDEZ TRAVIESO

Libros de emblemas, enciclopedias e repertorios de
figuracións alegóricas en bibliotecas da provincia da Coruña:
un catálogo

SIELAE

(Seminario Interdisciplinar para el Estudio de la Literatura Áurea Española)
A Coruña, 2013

Motivo da cuberta: Daniel CRAMER, *Octoginta emblemata moralia nova, e sacris literis petita, formandis ad veram pietatem accommodata, & elegantibus picturis aeri incisis repraesentata.*, Francofurti, Sumpt. Lucae Jennisi, MDCXXX, p. 289. Emblema LXXIII: «Velle, at non posse, dolendum est».

Deseño da cuberta: Paula Lupiáñez López

Edita: SIELAE (Seminario Interdisciplinar para el Estudio de la Literatura Áurea Española), A Coruña - España

A autora deste traballo recibiu una bolsa de investigación da Deputación de A Coruña para a súa elaboración (2008-2009).

Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Biblioteca digital Siglo de Oro IV* (código FFI2012-3436) financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España, no marco do VI Plan Nacional de I+D+I 2008-2011

© 2013 Carlota Fernández Travieso © De esta edición: SIELAE

Todos os dereitos reservados. Queda prohibido reproducir, almacenar en sistemas de recuperación da información e transmitir parte alguma desta publicación, calquera que sea o medio empregado – electrónico, mecánico, fotocopia, grabación, etc.–, sen o permiso previo do titular dos dereitos da propiedade intelectual.

ISBN: 978-84-617-3959-2

ÍNDICE

Presentación	5
Bibliotecas mencionadas.....	9
Sobre este catálogo.....	15
Catálogo	17
Índice de nomes de persoas.....	125
Índice de lugares de publicación.....	131
Índice de anos de publicación	133
Conclusíons da análise do catálogo	137
Referencias bibliográficas.....	145
Anexo Ilustracíons	147


PRESENTACIÓN

Este traballo que teñen entre ás súas mans, *Libros de emblemas, enciclopedias e repertorios de figuracións alegóricas en bibliotecas da provincia da Coruña: un catálogo*, ten coma finalidade facer un elenco e levar a cabo unha análise bibliográfica das obras dos mencionados xéneros que se conservan nas principais bibliotecas con fondo antigo da nosa provincia. Con frecuencia, os *Libros de Emblemas, Enciclopedias e Repertorios de Figuracións Alegóricas* son de difícil acceso. Por unha banda, son escasas as edicións modernas feitas por editoriais comerciais, xa que a presenza de ilustracións encarece moito a súa publicación e ao non se tratar de autores moi coñecidos non lles parece rendible economicamente. Pola outra banda, moitos dos exemplares antigos considéranse raros ou curiosos, é dicir que existen poucos exemplares, e se conservan en bibliotecas dispersas, as veces, de acceso restrinxido (bibliotecas conventuais ou privadas), sen medios de reprografía e sen catálogos dixitais. Así pois, Con este catálogo, ao tempo que se difunde unha valiosa parte do noso patrimonio bibliográfico, trátase de facilitar o traballo dos investigadores de este campo, favorecendo a accesibilidade ás fontes primarias deste xénero que se conservan nas bibliotecas da provincia da Coruña.

A Emblemática, o xénero que é obxecto das nosas pesquisas, inaugurouse en Augsburg en 1531 co *Emblematum Liber* de Andrea Alciato. No nacemento do xénero influíu en grande medida a fortuna, pois o que realmente compuxo o xurista italiano (Andrea Alciato) foi unha colección de noventa e nove epigramas en latín precedidos dun título, que dedicou ao duque Maximiliano Sforza. Presentada a obra ao conselleiro imperial Peutiguer, este a deu a coñecer ao impresor Steyner, quen con grande visión comercial, seguindo a tradición de obras que pola abundancia de imaxes estaban a ter un enorme éxito editorial (coma a *Hypnerotomaquia Poliphili* de Francesco Colonna ou os *Hieroglyphica* de Horapolo), tivo a idea de que cada poema fose acompañado dunha ilustración e encargoulle a tarefa ao gravador Breuil. Deste modo, xurdiu un dos libros de maior éxito da historia da cultura occidental que chegou a ter cento setenta e cinco edicións e que moi pronto tivo comentadores, tradutores e imitadores de diversas linguas. Deste modo, o emblema é un xénero híbrido, que coa intención de transmitir unha mensaxe polo xeral de carácter moral une imaxe e palabra. O emblema clásico é unha composición tripartita formada por:

1. Unha figura (*pictura, symbolon, icon ou imago*), é dicir, unha imaxe enigmática que polo xeral é un gravado xilográfico ou calcográfico, que a miúdo os seus autores denominan «corpo» do emblema. Esta imaxe é de capital importancia para que o precepto moral que o emblema pretende transmitir fique na memoria unha vez descifrado o seu sentido.

2. Un título ou lenda (*inscriptio*, *titulus*, *motto* ou *lemma*), que acostuma a ser unha sentenza ou agudeza de carácter críptico, normalmente en latín. Este título é chamado «alma» do emblema e axuda ao lector a descifrar o sentido da imaxe. Algúns autores escribían eles mesmos os seus lemas, pero o máis habitual era tomar prestados coñecidos enunciados paremiolóxicos ou sentenzas dos clásicos, os Padres da Igrexa ou a Biblia, pois celebrábase o saber aplicar con inxenio un concepto a unha sentenza preexistente.
3. Un texto explicativo (*subscriptio*) que interrelaciona o sentido que transmite a *pictura* e expresa o mote. Esta explicación pode facerse en verso ou/e en prosa. A parte versificada, chamada epígrama (*epigramma*), intenta explicar a imaxe ou *pictura* e expresar unha aplicación moral. A parte en prosa, chamada glosa ou declaración (*declaratio*), insiste na moralidade e da mostra da erudición do autor. Os libros de Empresas, nome con o que se coñece a unha variante de este xénero, levan só *subscriptio* en prosa.

Sebastián de Covarrubias, *Emblemas morales*, Madrid, 1610

O éxito da Emblemática (coas súas variantes emblema, empresa, xeroglífico ou divisa) debeuse a que o xénero recollía sabiamente algo que estaba no ambiente intelectual da época: a pretensión de crear unha lingua universal a base de imaxes (a imitación dos xeroglíficos exípcios), explicadas con textos, coa intención de transmitir unhas regras de conduta de utilidade para a humanidade. Esta pretensión impulsou tamén a proliferación das encyclopedias de xeroglíficos e dos tratados de iconoloxía, medallística, numismática e todos os que incluíán figuracións alegóricas ou mitolóxicas, obras ás que tamén atende este traballo, pois non se pode obviar a

influencia mutua destas manifestacións que fan por igual parte desa cultura da imaxe e da palabra que floreceu entre os séculos XV e XVIII.

O interese do estudio dos Libros de Emblemas vai máis alá do seu valor literario ou artístico, dada a súa influencia na poesía, na pintura, na escultura ou nas artes decorativas (bordados, tapices...) e a súa utilización coma adorno das arquitecturas efémeras construídas para a Festa Pública. O seu estudio revélase, ademais, coma unha importante fonte de información sobre a cultura dos séculos XVI-XVIII: normas e valores éticos, o coñecemento que se tiña dos autores clásicos, aspectos relacionados con técnicas de gravado, a socioloxía da edición, etc.¹.

¹. Véxase a introdución do catálogo de Sagrario López Poza (2008), un verdadeiro manual de grande utilidade para o coñecemento do xénero. O mencionado catálogo foi a principal fonte de inspiración deste traballo, con o cal, seguindo os pasos da miña preceptorra, pretendo contribuir á identificación, localización e descripción bibliográfica das obras deste xénero que se custodian en outras bibliotecas da provincia da Coruña. Dou sinceramente as grazas a dona Sagrario López Poza polas súas ensinanzas, o seus consellos e o seu constante apoio.

BIBLIOTECAS MENCIONADAS²

A Coruña

Biblioteca Auxiliar do Arquivo do Reino de Galicia:

O Arquivo, creado en 1965 pola Real Audiencia de Galicia co fin de acoller a súa documentación, sitúase desde 1955 nos Xardíns de San Carlos na cidade vella da Coruña. Para apoiar a xestión dos seus fondos o Arquivo contou con algúns libros impresos e coleccións lexislativas que constituíron o xerme da biblioteca auxiliar actual. Aínda que esta biblioteca tardou anos en ter unha certa entidade, gracias ós sucesivos envíos dos Directores Xenerais da Instrucción Pública, compras, doazóns, etc., na actualidade esta biblioteca, que, conta con 19.780 libros, dos que 1.373 pertencen o fondo antigo (libros datados ata o século XVIII). Esta biblioteca alberga interesantes fondos, coma os provenientes do Governo Civil o legado do Coronel Iglesias Brage, a biblioteca xurídica de Pardo Argüelles ou parte do fondo do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, do cal proveñen 13 dos 15 volumes achados nesta biblioteca. En 1837, a desamortización de Mendizabal entregou este mosteiro franciscano do concello de Ares fundado en 1393 e as súas terras ao exército. Foi deste modo coma os seus bens bibliográficos acabaron por chegar a cidade da Coruña e repartirse entre o Arquivo do Reino de Galicia, a Real Academia Galega e Fundación Biblioteca da Casa Consulado. O Arquivo adquiriu uns 1.292 volumes do mosteiro, principalmente sermonarios, libros de filosofía, teoloxía, obras haxiográficas, poéticas, científicas, xurídicas e históricas, encadernadas a maior parte en pergamiño³.

² Quero agradecer a colaboración desinteresada que recibín dos auxiliares, bibliotecarios e directivos de todas as bibliotecas visitadas, que xentilmente fixéronme participe do estado de catalogación dos fondos e axudáronme a manexar os instrumentos de consulta de cada librería (catálogos dixitais ou manuais), localizar algunas obras de interese para este repertorio non catalogadas ou recompilar información sobre as bibliotecas para a elaboración deste apartado. En grande medida, este traballo foi posible grazas a todos eles. Aínda que non mencionadas nestas páxinas estas palabras de recoñecemento van dirixidas tamen aos encargados da Biblioteca Fonseca e da Biblioteca da Fundación Pedro Barrié de la Maza, librerías coruñesas que visitamos cando estábamos a realizar este traballo, nas que non achamos ningún volume para o noso repertorio.

³ Sobre a Biblioteca Auxiliar do Arquivo do Reino de Galicia, véxase Pedro López Gómez (1996: 1012-1016).

Biblioteca da Deputación da Coruña:

No mesmo edificio que o Teatro Rosalía de Castro, no número 37 da coruñesa rúa Rego de Auga, sitúase esta biblioteca pública de temática xeral, que contén unha magnífica colección de partituras e un interesante fondo antigo que segundo informan na biblioteca foi en grande medida constituído gracias a doazón de Fernando Urgorri (1922-1994), quen fora director desta librería. Tres dos volumes don noso catálogo pertencen aos fondos desta biblioteca.

Biblioteca da Real Academia Galega

A RAG ten a súa sede no nº 11 da rúa Tabernas, na cidade vella da Coruña, na que fora casa da primeira presidenta da institución, dona Emilia Pardo Bazán. A Biblioteca da Real Academia Galega conta cuns 65.000 volumes de monografías e uns 2.000 títulos de publicacións periódicas. Esta colección formouse fundamentalmente grazas a doazóns de académicos e autores, a intercambios coas propias publicacións e a achegas de editoriais e de institucións públicas e privadas galegas, xa que o establecemento dunha política de adquisicións é moi recente. O fondo antigo da biblioteca da RAG procede, principalmente, da librería do Mosteiro de Montefaro que foi doada a esta institución polo Ministerio de Hacienda e a Real Academia da Historia en 1919 e da colección doada por Gala Murguía (a filla de Manuel Murguía e Rosalía de Castro). Así mesmo, algúns dos volumes pertenceron a Emilio González López, a María del Adalid, a Ángel Hermosilla, a José Fontenla Leal ou a Emilia Pardo Bazán. Algúns outros foron mercados. Nesta biblioteca atopamos 10 exemplares para o noso catálogo⁴.

Biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña,

Esta biblioteca nace coma complemento ás actividades que o Museo de Belas Artes da Coruña desenvolve, polo que a colección é maiormente constituída por tratados e estudos sobre arte; sen embargo dous volumes desta biblioteca resultaron do noso interese: *Austriacae gentis imaginum* de Francesco Terzi (Oeniponti, 1569-1573) (nº 219) e *Les ieux et plaisirs de l'enfance* de Jaques Stella y Claudine Bouzonnet Stella (Paris, 1657) (nº 216), ambos adquiridos polo museo nunha poxa en virtude da beleza dos seus gravados, que levan estes exemplares a ser considerados obras de arte e merecedores de exhibirse co resto da colección permanente nas salas da rúa Zalaeta.

Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña:

Esta biblioteca que pode visitarse no número 10 da rúa Durán Loriga encárgase de recompilar toda a información sobre cidade da Coruña e temas xerais de Galicia. Entre libros, panfletos, prensa, revistas, planos, programas de festas, fotografías, etc. ofrece

⁴ Véxase Mercedes Fernández Montenegro e Juan Montenegro Rey (2007).

máis de 30.000 documentos, reunidos grazas ás continuas compras e a incorporación das biblioteca particulares de María Barbeito, da familia Linares Rivas, de Alfonso González Catoira, Carlos Xoán Díaz Martínez ou Ramiro Cartelle. Ademais de obras de temática local esta biblioteca custodia un pequeno *Fondo retrospectivo non local*, entre o que atopamos un exemplar de *Idea de un principe político christiano representada en cien empressas* de Diego de Saavedra Fajardo (Madrid, 1666).

Biblioteca Particular Barreiro López-Morán:

O interese bibliófilo levou a don Xosé Ramón Barreiro Fernandez –presidente da Real Academia Galega cando visitamos esta institución co obxecto de realizar este catálogo– a reunir, ao longo da súa vida, unhainxente colección persoal de libros. Aínda que na súa biblioteca predominan obras sobre a Historia de Galicia e Dereito canónico, nela pódense atoparse todo tipo de textos. Así, en canto fixemos partícipe a don Xosé Ramón de que estábase a elaborar este traballo, moi amablemente seleccionou da súa biblioteca persoal e deixounos ver unha serie de volumes que podían chegar a formar parte deste repertorio. Deste modo, engadimos dous exemplares máis a este catálogo.

Fundación Biblioteca da Casa Consulado:

Esta biblioteca –que se ubica no número 58 da rúa Panadeiras da Coruña, no edificio neoclásico que albergou desde 1785 o Real Consulado de Comercio Marítimo e Terrestre de Galicia e que hoxe comparte tamén coa Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario– foi a primeira biblioteca pública da Coruña e, con máis de douscentos anos de historia (abriu as súas portas o 15 de agosto de 1806), é a fundación cultural privada máis antiga de España. A creación desta biblioteca débese a don Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, brillante ilustrado e economista preocupado pola realidade galega, que impulsou a creación de institucións coma a Sociedade de Amigos do País de Santiago, unha Academia de Debuxo e unha Escola Pública de Primeiras Letras en Curtis, o seu pobo natal. Na actualidade a biblioteca conta con preto de 30.000 volumes que proceden dos fondos que xa tiña o Consulado, que desde 1790 contaba cunha biblioteca propia dotada basicamente cos libros necesarios para a formación do corpo consular e o bo funcionamento da Escola de Náutica que tiña sede no mesmo edificio; das obras da biblioteca persoal de don Pedro Antonio; dos volumes das bibliotecas de don José Labrada, don José Cornide ou don Angel Estébanez adquiridas por don Pedro Antonio; das doazóns de ilustres coruñeses coma don Nicolás Fernández Bolaño, dona Juana de Vega e don Desiderio Varela Puga; así coma das continuas as compras ata a actualidade realizadas, en parte, con renda do capital fundacional, en parte coa colaboración das institucións galegas, e sobre todo co importante legado económico de dona María Concepción Sánchez Varela, familiar do fundador, falecida en 1964. A aportación máis importante será a da biblioteca de José Cornide, aceptada polo Consulado en concepto de pago dunha débeda que liquidou a

súa filla. Segundo os *exlibris*, 5 dos 36 volumes desta biblioteca aludidos no noso catálogo pertenceron ao coñecido ilustrado coruñés. Entre as obras que esta biblioteca custodia destacan un incunable cos opúsculos de Santo Tomás, os Libros de Actas do Consulado, Libro de Actas da Xunta de Goberno de Galicia de 1820 o primeiro Libro de Actas da Xunta de Comercio ou as contas das obras de restauración da Torre de Hércules sufragadas polo Consulado e realizadas por Eustaquio Gianini⁵.

Betanzos:**Biblioteca Municipal de Betanzos Alfonso Rodríguez Castelao:**

No nº 1 da rúa Emilio Romay, na cidade dos Cabaleiros, nun edificio de neoclásico que fora anteriormente un colexio de orfas, sitúase esta biblioteca municipal que conserva uns 20.300 volumes. Entre eles atopamos verdadeiras xoias do noso patrimonio bibliográfico, coma o exemplar da *Delle più che novissima iconologia* de Cesare Ripa impreso en Papua en 1630.

Santiago de Compostela:**Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán:**

No Mosteiro de San Martiño Pinario, no nº 5 da compostelán Praza da Inmaculada e compartindo sede co Arquivo Histórico Diocesano, está desde 1868 a Biblioteca do Instituto de Estudos Teolóxicos de Galicia, que conserva uninxente fondo antigo constituído por 7 incunables, 786 volumes do século XVI, 1.698 do século XVII e 2.619 do século XVIII. Nel predominan textos sobre Relixións, Historia, Filosofía e Teoloxía. Os seus fondos bibliográficos proveñen fundamentalmente dos volumes da abadía beneditina de San Martiño que superaron a desamortización, dos fondos do Seminario Maior de Santiago e dalgúnha doazón de beneditinos franceses que durante a Revolución Francesa enviaron fondos das súas bibliotecas á de San Martín Pinario. Aínda que baixo a influencia do político Narváez os libros de temática relixiosa e aqueles que pertenceron a outras ordes e congregación foron devoltos pola biblioteca da Universidade á do mosteiro, non se lle deu verdadeiro pulo a esta biblioteca ata que o cardeal García Cuesta, en setembro de 1868, determinou trasladar o Seminario Conciliar do edificio de San Clemente ao mosteiro de San Martiño Pinario. Grazas a esta nova orientación a riqueza bibliográfica foi crecendo coa protección dos distintos arcebispos, reitores e legados testamentarios. Entre estas obras atopamos ata 31 exemplares que incluímos no noso catálogo.

⁵ Véxase Amparo Hernández Segura (1998).

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela:

Os 638 manuscritos, 143 incunables e 23.500 volumes dos séculos XVI-XVIII da colección histórica da Universidade de Santiago de Compostela consérvanse na Biblioteca Xeral, que ten sede no Pazo de Fonseca da Rúa do Franco. A biblioteca universitaria ten a súa orixe na primitiva librería da Universidade, creada polo Arzobispo Alonso de Fonseca III a mediados do século XVI para que servise de centro de estudos á Universidade de Santiago que el mesmo promoveu. Ao longo dos séculos, a biblioteca viuse enriquecida (ademas de por campañas de adquisición de fondos por parte da Universidade) grazas a doazóns de benfeiteiros como Jacobo de Parga y Puga, Felipe de Castro ou Ventura Figueroa; á incorporación das librerías xesuíticas tras a súa expulsión no século XVIII e das bibliotecas eclesiásticas tras a exclaustración do século XIX e a tres contribucións extraordinarias no século XX: a compra da biblioteca do Arcebispo Lago González, o depósito da Real Sociedade Económica de Amigos do País e a fundación da Biblioteca América, por parte de don Gumersindo Busto. Desta biblioteca incorporamos os 183 exemplares impresos entre os séculos XVI e XVII, mencionados por dona Sagrario López Poza na súa obra *Libros de emblemas y obras afines en la Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela* (2009).

Centro Bibliográfico Superior de Galicia:

O Centro Bibliográfico Superior de Galicia, situado no nº 61 da rúa do Horreo, naceu en 1989 coa finalidade de coordinar a actividade bibliográfica ao redor do libro galego e das bibliotecas de Galicia. Desde este centro intentan recoller ou controlar bibliográficamente e facer consultable toda a producción impresa galega, toda a producción de interese para Galicia e todos os fondos das bibliotecas galegas. Así pois, entre os fondos recompilados polo centro atopamos dous libros do noso interese, un exemplar da *Idea de un príncipe político cristiano, representada en cien empressas* de Diego de Saavedra Fajardo (Valencia, 1655) e un exemplar das *Fiestas minervales, y aclamación perpetua de las musas, à la inmortal memoria de el ilustrissimo, y excellentissimo señor d. Alonso de Fonseca el grande, arzobispo de toledo, y de Santiago, por sv escuela, y universidad* (Santiago de Compostela, 1697), máis vinculado coa temática prioritaria do centro por describir un acontecemento que tivo lugar e Galicia e ter sido impresa na nosa Comunidade.

Librería Conventual de San Francisco:

Esta biblioteca, que se encontra no nº 3 do Campiño de San Francisco, non moi lonxe da catedral, é unha das más ricas de Galicia. Custodia uns 92.000 volumes –sobre todo de temática relixiosa, Teoloxía, Dereito, Historia bíblica, franciscanismo, Filosofía e Patrística– e un valioso fondo antigo con 98 incunables, uns 6.000 volumes do século XVII, e algúns exemplares únicos como o *Missale Zamorensis*. Os fondos da

librería proceden dos volumes que quedaron da antiga biblioteca do convento tras a desamortización, dos fondos das bibliotecas doutros conventos franciscanos de Galicia e Castela e das coleccións particulares dos frades, coma o fondo do Padre Lino Gómez Canedo, con abundante material librario sobre América, e o do Padre Atanasio López. Esta biblioteca, con ata 53 exemplares foi na que máis obras novas se recolleron para este catálogo⁶.

⁶ Para a elaboración deste apartado, ademais das fontes bibliográficas xa mencionadas e das explicacións que recibín do persoal das bibliotecas, foi de grande utilidade o segundo apéndice dun artigo de Nieves Pena Sueiro (2007).

SOBRE ESTE CATÁLOGO:

Este traballo, *Libros de emblemas, enciclopedias e repertorios de figuracóns alegóricas en bibliotecas da provincia da Coruña: un catálogo*, menciona un total de 339 exemplares de obras do xénero custodiadas en bibliotecas da provincia da Coruña, reunindo aqueles que temos a seguridade que pertencen á mesma edición nunha sola entrada e dando así lugar aos 259 rexistros do catálogo⁷. Trátase dun catálogo englobador, que pretende informar aos interesados neste campo e no noso patrimonio bibliográfico da existencia e localización de todos os *Libros de Emblemas, Enciclopedias de Erudición e Repertorios de Figuracóns Alegóricas* que sabemos que se achán na provincia da Coruña. Así pois, incluímos nel 183 exemplares aludidos por dona Sagrario López Poza no repertorio *Libros de emblemas y obras afines en la Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela* (2008), que xa mencionamos anteriormente. A Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela é a biblioteca onde máis exemplares se acharon, pero non son poucas as testemuñas atopadas noutras librerías, chegando a repertoriar ata 156 volumes novos e 122 edicións novas respecto ás xa dadas por dona Sagrario López Poza.

A identificación dos *Libros de Emblemas* coma tales non é sempre sinxela, xa que non todos participan necesariamente do esquema *triplex* mencionado na «Presentación». Por exemplo, as Empresas, subxénero da Emblemática, caracterízanse por non incluír o epígrama. Ademais, en moitas ocasións non aparecen gravados, pois non é infrecuente que nalgúnsas edicións (sobre todo en España onde a decadencia da imprenta era patente), polo enorme custo que estes implicaban, se omitisen. Nalgúnsas obras a *pictura* simplemente se describe verbalmente. Así pois, para a identificación das obras coma *Libros de Emblemas* tiven en conta qué traballos tiñan sido considerados coma tales con anterioridade. Servinme en grande medida dos repertorios de H. M. Black *A Short Title Catalogue of the Emblem Books and Related Works in the Stirling Maxwell Collection of Glasgow University Library (1499-1917)* (1988), que – aínda que concibido como un catálogo – é extraordinariamente útil para coñecer as fontes primarias do xénero, por reflectir a máis rica colección de *Libros de Emblemas* do mundo; Mario Praz *Studies in Seventeenth Century Imagery: «A Bibliography of Emblem Books»* (1975); John Landwerh *French, Italian, Spanish, and Portuguese Books of Devices and Emblems 1534 -1827 A Bibliography* (1976). e Pedro F. Campa *Emblemata Hispanica. An Annotated Bibliography of Spanish Emblem Literature to the Year 1700* (1990) e «Emblemata Hispanica: Addenda et Corrigenda» (2001), o

⁷ As veces tan só pequenas diferencias na sinatura tipográfica ou na conta do número de páginas de dous exemplares non nos permiten afirmar que son da mesma edición.

instrumento de traballo máis importante para quen estuda a Literatura Emblemática Hispánica.

O único límite fixado foi temporal, ningunha das obras do elenco sobrepasan o século XVIII, de modo que todos os exemplares mencionados foron froito da imprenta manual.

CATÁLOGO:

1. ACCADEMIA della Crusca

Vocabolario degli Accademici della Crusca quarta impressione. all'altezza reale del serenissimogio: Gastone Granduca di Toscana loro signore. [Volume primo.]

In Firenze: appresso Domenico Maria Manni, 1729.

Con licenza de' superiori.

♦ Fol.: [30], 890 p., il. calc. [1] f. de grav.

Sign.: []4, *-3*4, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-Zzz4, Aaaa-Zzzz4, Aaaaa-Sssss4, Tttt5

Anteportada

Mención de parte tomada da anteportada

Portada con grav. calc.

Texto a dúas col.

En cada unha das letras deste dicionario (12 neste primeiro volume) atopamos as divisas de cada un dos académicos

Idioma: Italiano

CCPB000353229-1

PRAZ p. 244

LANDWEHR 2

Fundación Biblioteca da Casa Consulado. A Coruña. S3F; 7-5; 60

Pergamiño

Exemplar falto da f. de grav.

2. ACCADEMIA della Crusca

Vocabolario degli Accademici della Crusca quarta impressione. All'altezza reale del serenissimogio: Gastone Granduca di Toscana loro signore. [Volume secondo.]

In Firenze: appresso Domenico Maria Manni, 1735.

Con licenza de' superiori.

♦ Fol.: [4], 923 p., il. calc.

Sign.: []2, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-Zzz4, Aaaa-Zzzz4, Aaaaa-Yyyy4, Zzzzz6

Anteportada

Mención de parte tomada de anteportada

Portada con grav. calc.

Texto a dúas col.

En cada unha das letras deste dicionario (6 neste segundo volume) atopamos as divisas de cada un dos académicos

Idioma: Italiano

CCPB000353230-5

PRAZ p. 244

LANDWEHR 2

Fundación Biblioteca da Casa Consulado. A Coruña. S3F; 7-5; 61

Pergamiño

3. ACCADEMIA della Crusca

Vocabolario degli Accademici della Crusca quarta impressione. All'altezza reale del serenissimogio: Gastone

Granduca di Toscana loro signore.
[Volume terzo.]

In Firenze: appresso Domenico Maria Manni, 1733.

Con licenza de' superiori.

♦ Fol.: [4], 783 p., il. calc.

Sign.: []2, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-Zzz4,
Aaaa-Zzzz4, Aaaaa-Fffff4

Anteportada

Mención de parte tomada de
anteportada

Portada con grav. calc.

Texto a dúas col.

En cada unha das letras deste
dicionario (5 neste terceiro volume)
atopamos as divisas de cada un dos
académicos

Idioma: Italiano

CCPB000353228-3

PRAZ p. 244

LANDWEHR 2

**Fundación Biblioteca da Casa
Consulado. A Coruña. S3F; 7-5; 62**

Pergamiño

4. ACCADEMIA della Crusca

*Vocabolario degli Accademici della
Crusca quarta impressione. All'altezza
reale del serenissimogio: Gastone
Granduca di Toscana loro signore.*
[Volume quarto.]

In Firenze: appresso Domenico Maria Manni, 1735.

Con licenza de' superiori.

♦ Fol.: [4], 824 p., il. calc.

Sign.: []2, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-Zzz4,
Aaaa-Zzzz4, Aaaaa-Lllll4

Anteportada

Mención de parte tomada de
anteportada

Portada con grav. calc.

Texto a dúas col.

En cada unha das letras deste
dicionario (3 neste carto volume)
atopamos as divisas de cada un dos
académicos

Idioma: Italiano

CCPB000353231-3

PRAZ p. 244

LANDWEHR 2

**Fundación Biblioteca da Casa
Consulado. A Coruña. S3F; 7-5; 63**

Pergamiño

5. AGUILAR, Juan Bautista

[*Tercera parte del Teatro de los
Dioses de la Gentilidad... ponense dos
copiosos indices, que comprehenden
todas las tres partes... escriviala... el
R.P.F. Iuan Bautista Aguilar... del...
Orden de la Santissima Trinidad.*]

[En Valencia: por Lorenço Mesnier,
1688.]

♦ 4º. [24], 516, [40] p.

Sign.: ¶4, *4-3*4, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-
Zzz4, Aaaa2

Portada con orla tipográfica

Grav. xil. en Aaaa2

Texto con notas marxinais

Non contén imaxes de emblemas

Idioma: Castelán

CCPB000032242-3

CAMPA 35

Nota: É continuación da obra de
Baltasar de la Victoria

Fundación Biblioteca da Casa Consulado. A Coruña. S3C; 1-3; 72

Holandesa

Exemplar falto de portada e das últimas páxinas correspondentes ao caderno Aaaa2

6. AGUILAR, Juan Bautista (O.SS.T.)

Tercera parte del Teatro de los dioses de la gentilidad. escriviala curioso, el R. P. Fr. Iuan Bautista Aguilar, letor Iubilado, y Presentado en Sagrada Theologia, con preheminencias de Maestro, del Sacro, Celeste Orden de la SS. Trinidad. Ponense dos copiosos indices, que comprehenden todas las Tres Partes del Teatro de los Dioses. En el Primero, se escriven todos sus Capitulos: y en el Segundo, se advierten las cosas mas notables, y curiosas, que se hallan en dichas Tres Partes, del Teatro de los Dioses, de la Gentilidad.

Barcelona: en la imprenta de Iuan Pablo Marti, por Francisco Barnola Impressor, y á su costa, 1702.

Con licencia.

♦ 4º: [16], 356, [36] p.

Sign.: §8, A-Z8, Aa8, Bb4

Portada con orla tipográfica

Marca tipográfica en portada

Texto con notas marxinais

Non contén imaxes de emblemas

Idioma: Castelán

CCPB000058625-0

CAMPA 35, menciona outra edición desta obra

Nota: É continuación da obra de Baltasar de la Victoria

Fundación Biblioteca da Casa Consulado. A Coruña. S5A; 4-6; 107

Pasta

7. AGUSTÍN, Antonio

Antonii Augustini Archipèpisc. Tarracon. Antiquitatum Romanarum Hipaniarumque in Numnis Veterum Dialogi XI. Latiné redditii Ab Andrea Schotto Societ. Iesv: Cuius accessit Duodecimus, De prisca Religione, Diisque Gentium. Seorsim Editae Nomismatum Icones A Iacobo Biae graphicé incisae.

Antuerpiae: apud Henricum Aertssium, 1617.

♦ Fol.: [16], 182, [18]p., 1 f. de grav., [6]p., 68 f. de grav. calc., il.

Sign. *4, †4, A-Z4), a-b4, []1, †3

Idioma: Latín

S. L. P. 5

BUSTAMANTE S. XVII, 824

CCPB000053421-8

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 16650

Pergamiño

Encadernado con esta obra: Thesaurus rei Antiquariae Huberrimus Ex Antiquis tam Numismatum quam Marmororum inscriptionibus... conquisitus ac descriptus... per Hubertum Goltzium..., Antuerpiae, Ex officina Gerardi WolschatI Sumpt. Iacobi Biae, [1618]. Fol. Sign. *4, 314 p.

8. AGUSTÍN, Antonio

Dialoghi di Don Antonio Agostini
*Arcivescovo di Tarragona Intorno Alle
 Medaglie Inscrittioni Et Altre Antichitá
 Tradotti Di Lingva Spagnola In
 Italiana Da Dionigi Ottaviano Sada &
 dal medesimo accresciuti, con diuerse
 annotationi, & illustrati con disegni di
 molte Medaglie & d'altre figure.*

In Roma: P. M. F., [1592].

Con licenza de superiori.

♦ Fol.: [12], 300, [32], 6 p.

Sign.: *6, A-Z4, Aa-Ss4, cruz 6

Portada gravada

As ilustracíons das medallas van
 intercaladas no seu diálogo
 correspondente

Ao fin: In Roma, Appresso gli
 Stampatori Camerali. Con licenza de'
 Superiori.

En f. independente, tamén ao fin:
 «Havendo Io hauuta notitia di vna
 Medaglia di Costantino, molto bella, ...
 hó giudicato, che non si douesse lasciar
 di metterla in modo niuno; la qual
 Medaglia si ritroua nello studio del
 Signor Lelio Pasqualino, & da lui..
 conceduta, insieme con vn discorso,
 che egli vi há fatto, ilquale hó messo
 qui nel fine, poiche era già stampato
 tutto el libro... »

Idioma: Italiano

S. L. P. 2

BUSTAMANTE S. XVI, 2893

CCPB000275984-5

CCPB000408483-7

**Biblioteca Universitaria de Santiago
 de Compostela. 20925**

Pergamiño

9. AGUSTÍN, Antonio

[*Dialogos de medallas, inscripciones y
 otras antiguedades ex bibliotheca Ant.
 Augustini Archiepiscopi Tarraconen.*] [En Tarragona: por Felipe Mey, 1587.]

♦ 4º [2], 470 p., [26] il.calc.

Sign.: a8, b6, c-g8, h10, -k8, l4, m-o8,
 p6, q-r8, s6, t-v8, x6, y-z8, 2a-2h8, 2i3

Idioma: Castelán

S. L. P. 1

BUSTAMANTE S. XVI, 2630

CAMPA: 36

CCPB000000007-8

**Biblioteca Universitaria de Santiago
 de Compostela 8261**

Pergamiño

Carece de portada impresa. Foi
 sustituida por outra manuscrita

10. AGUSTÍN, Antonio

*Diálogos de medallas, inscripciones, y
 otras antigüedades. Ex Bibliotheca
 Anton. Augustini Archiepiscopi
 Tarraconem. Al rey nuestro señor por
 mano de D. Sebastian de la Quadra.*

Madrid: en la Oficina de Joseph
 Francisco Martínez Abad, 1744.

Con privilegio.

♦ 4º: [12], 470 p., [28] f. de grav. xil.

Sign.: ¶4, 2¶2, A-Z4, Aa-Zz4, Aaa-
 Nnn4

Portada con orla tipográfica e escudo
 xil. arzobispal

Texto con notas marxinais

As f. de grav. calc.: a primeira, retrato
 de Antonio Agustín, arzobispo de

Tarragona; o resto, grav. polas dúas caras, imaxes de moedas

Idioma: Castelán

CCPB000125682-3

CAMPA 36 menciona outra edición de esta obra e di que é un dos tratados de numismática más influentes do Século de Ouro.

S. L. P. 6

BUSTAMANTE S. XVIII, 3418, 3419

a) **Biblioteca da Real Academia Galega. A Coruña. 36875**

Pergamiño

Un selo branco e azul pegado na f. de garda adherida á cuberta indica: «DE F. JAVIER MARTÍNEZ SANTISO - BETANZOS- V. N. 1109 - (Bet. 27 de Feb 926)». Dúas notas manuscritas na f. de garda inicial indican a procedencia do volume: «Pertenece este libro al Sr. D. Roque Ponte Peña, de Betanzos» e, a lápis, «[D]onado por Luis Veiga Cada[veira] »

Só hai 26 follas de grav. Unha das que falta contiña o retrato do autor.

b) **Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 8870 e os duplicados 30145 e D 443**

Pergamiño

11. AGUSTÍN, Antonio

Discorsi del S. Don Antonio Agostini sopra le Medaglie et altre anticaglie divisi In XI. Dialoghi Tradotti dalla lingua Spagnuola nell' Italiana con l'aggiunta di molti ritratti di belle et rare medaglie. All'Illmo. et Rmo. Sr. Card. Caetano Camerlingo di S. Chiesa.

In Roma: Presso Ascanio, et Girolamo Donangeli, 1592.

♦ 4º: [76], 239 p. [17] p., 36 lám. de grav. calc.

Sign. †2, 36 lám. de grav. calc.: unha portada con frontispicio no recto, e o retrato do autor no verso, máis 35 lám. con ilustracións de medallas polas dúas caras, numeradas: A-Z, AA-ZZ, AAA-YYY

Idioma: Italiano

S. L. P. 3

BUSTAMANTE S. XVI, 2894

CCPB000150206-9

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 8246

12. AGUSTÍN, Antonio

[Discorsi del S. Don Antonio Agostini sopra le Medaglie et altre anticaglie divisi In XI. Dialoghi Tradotti dalla lingua Spagnuola nell' Italiana con l'aggiunta di molti ritratti di belle et rare medaglie.]

[In Roma: Presso Ascanio, et Girolamo Donangeli, 1592.]

♦ Duplicado do anterior (S. L. P. 3, número 11 do noso catálogo), pero lle falta a portada e a signatura †². Só lle queda a segunda portada, calcográfica:

I Discorsi Del S. Don Antonio Agostini Sopra Le Medaglie Et Altre Anticaglie Divisi in XI Dialoghi Tradotti Dalla Lingua Spagnuola Nell Italiana Con La Givnta Dalcyne Annotationi E Molti Ritratti Di belle, e rare Medaglie. Si e Messo Di Piv Nel Fine L'originale Spagnvolo Per Sodisfattione Di Molti

Idioma: Italiano
 S. L. P. 4
 BUSTAMANTE S. XVI, 2895
 CCPB000150206-9
Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela 8251

13. ALCIATO, Andrea

Andreæ Alciati V. C. Emblemata. Cum Claudi Minois ad eadem Commentariis & Notis Posterioribus. Quibus emblematum omnium aperta origin, mens auctoris explicatur, & obscura omnia dubiaque illustrantur.

Lvgdvni: Apvd Hæred. Gvlielmi Rovillii, 1600.

♦ 8º: [20], 818, [24] p., il.

Sign.: a8, ê4, i8, A-3E8, 3E*2, 3F8, 3G4

Portada a dúas tintas: vermella e negra.

Idioma: Latín

S. L. P. 10

Adams-Rawles-Saunders I, F.063

BUSTAMANTE S. XVII, 3

CCPB000001190-8

LANDWEHR: 89

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 10217

Pergamiño

14. ALCIATO, Andrea

D. Andreae Alciati mediolanensis... Opera omnia. Tomus quartus [contén: Emblematum libellum, & ipsum quoque ab autore recognitum, ac locupletatum].

Basileae: per Mich. Isingrinivm, [S. A.] [1582?].

♦ Fol.

Sign: Aaaa1, Col. 830, Mmmm8-8

Idioma: Latín

S. L. P. 9

BUSTAMANTE S. XVI, 2380

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela Inc.1798

Pergamiño

Exlibris: Montes.

15. ALCIATO, Andrea

Declaración magistral sobre las Emblemas de Andres Alciato con todas la historias, antiguedades, moralidad, y doctrina tocante a las buenas costumbres. Por Diego López, natural de la villa de Valencia de la Orden de Alcántara.

Impresso en la ciudad de Najera: por Juan de Mongaston, a costa del Autor [Diego López], 1615.

♦ 4º: [8], 472, [7] fol., il. calc.

Sign.: ¶8, A-Nnn8, Ooo4

Idioma: Castelán con lemas en latín

S. L. P. 12

BUSTAMANTE S. XVII, 753

CAMPA: A6

CCPB000034036-7

LANDWEHR: 487

PRAZ: 405, só da o título da obra e remite a Green, Andrea Alciati and his Books of emblems, números 142, 167, 169.

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 8244

Pasta

16. ALCIATO, Andrea

[*Declaración magistral sobre las Emblemas de Andres Alciato con todas la historias, antiguedades, moralidad, y doctrina tocante a las buenas costumbres. Por Diego López, natural de la villa de Valencia de la Orden de Alcántara.*]

Impresso en la ciudad de Najera: por Juan de Mongaston, a costa del Autor [Diego López], 1615.

♦ Duplicado do anterior, pero lle falta a portada (¶1)

Idioma: Castelán con lemas en latín

S. L. P. 13

BUSTAMANTE S. XVII, 754

CAMPA: A6

CCPB000034036-7

LANDWEHR: 487

PRAZ: 405, só da o título da obra e remite a Green, Andrea Alciati and his Books of emblems, números 142, 167, 169.

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 8249

Pergamiño

Fáltalle a portada

17. ALCIATO, Andrea

Declaracion magistral sobre las emblemas de Andrés Alciato con todas las historias, Antiguedades, Moralidad, y Doctrina, tocante a las buenas constumbres por Diego Lopez, natural. De la villa de Valencia, de la Orden de Alcantara.

En Valencia: por Geronimo Vilagrassa, a costa de Claudio Macè, 1655.

♦ 4º: [8], 648 [i.e. 716], [15] p., [1] en br., il. xil.

Sign.: []4, A-Z8, 2A-2Y8, 2Z6

Marca tipográfica de editor en portada

Erros tipográficos de paxinación, da p. 395 retrocede á p. 386 e da p. 705 á p. 648

A obra contén 211 emblemas

O emblema 80, que aparece coas dúas primeiras liñas do epígragma e o mote latino «DESIDIA», non ten comentario.

Idioma: Castelán con lemas en latín

CCPB000034038-3

LANDWEHR 488

CAMPA A8

Librería Conventual de San Francisco, Biblioteca Provincial. Santiago de Compostela. 49-8-78

Pergamiño sobre cartón

Falto de p. 73-74 e última p. da tabla

18. ALCIATO, Andrea

[*Declaracion magistral sobre las Emblemas de Andres Alciato con todas las Historias, Antiguedades, Moralidad, y Doctrina tocante a las buenas costumbres. Por Diego López, natural de la Villa de Valencia de la Orden de Alcantara.*]

Aínda que faltan os datos editoriais do exemplar, podemos deducir grazas á descripción bibliográfica que se trata da siguiente edición: En Valencia, por Geronimo Vilagrassa, 1670.

♦ 4º: [8], 706 [i. e. 716], [16] p., il. xil.

Sign.: []4, A-Z8, Aa-Yy8, Zz6

Erros tipográficos de paxinación, de p. 400 retrocede a p. 391

A obra contén 211 emblemas

Idioma: Castelán con lemas en latín

CCPB000613275-8

LANDWEHR 489

CAMPA A10

Biblioteca Auxiliar do Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña. S. C. M. 160

Pergamiño

As follas que conteñen os preliminares e a páxina nº 1 están rotas. Das follas que conteñen os preliminares, só se conserva o ángulo superior que permanece unido ao resto do volume grazas ao cosido da encadernación. Apenas pódense ler unhas palabras, pero pódese deducir que as páxinas de preliminares son [8]. Da páxina nº 1, consérvase poco máis da metade. Coma follas de garda finais, engadíronse ao volume dúas follas, unha delas vai pegada á encadernación. Trátase dunha folla doutra obra, tamaño Fol. pregada á metade. Os encabezados desta folla son «Libro tercero» e «De llagas frescas». Varias follas centrais, desprendéronse da encadernación, pero agás das páxinas iniciais consérvanse todas as páxinas do volume. Existen pequeños surcos provocados pola couza, pero ningún delos impide la lectura.

Procede da Biblioteca do convento de Santa Catalina de Montefaro.

19. ALCIATO, Andrea

Declaracion magistral sobre las emblemas de Andres Alciato. con todas las historias, antiguedades, moralidad, y doctrina, tocante a las buenas costumbres. Dedicadas al ilvstre señor

don Antonio Folch de Cardona, Borja, Alagon, Milan, Lason de Romani, Marques de Castelnovo, del Consejo de su Magestad, en el Supremo de Aragon, y Mayordomo del Rey N. Señor.

Valencia, por Francisco Mestre, a costa de Francisco Duarte, 1684.

Con licencia.

♦ 4º: [8], 716, [15] pp., [1] en br., il. xil.

Sign.: []4, A-Z8, Aa-Yy8, Zz6

Portada con marca tipográfica

En la p. [3], de prelim., escudo xil. nobiliar de don Antonio Folch de Cardona

Texto con notas marxiniais

Colofón

211 emblemas

O emblema 80 non ten comentario porque foi expurgado e leva o título de «Advereum naturaeum piccautta»

Idioma: Castelán con lemas en latín

CCPB000034039-1

LANDWEHR 490

CAMPA A11

Biblioteca particular Barreiro - López Morán.

Pasta

En []4, nota manuscrita: «Este [...] Diogo Lopes de Valença, em digirença de outro Diogo Lopes de Alcantara citado por Cejudo [...]prº Cita Fr. Pedro dde Poiares [...]341». Na última páxina, selo de caucho: «De la biblioteca de su Excel. embajador - Hector de Ayala-»

20. ALCIATO, Andrea

Diverse, imprese accommodate a diuerse moralitá con versi che i loro significati dichiarano insieme con molte altre nella lingua italiana non piu tradotte. Tratte da gli Emblemi dell' Alciato.

In Lione: Appresso Gvlielmo Rovillio, 1564

♦ 8º: 191, 1 p., il.

Sign.: A-M8

Idioma: Italiano

S. L. P. 8

Adams-Rawles-Saunders I, F.046

BUSTAMANTE S. XVI, 1514

LANDWEHR: 69

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. 25691

Pasta labrada

Escudo dourado nas tapas.

Pertenceu a D. Francisco de Castro.

21. ALCIATO, Andrea

Emblemata Andreeae Alciati iurisconsulti clarissimi.

Lugduni: Apud Mathiam Bonhomme, 1548.

♦ 8º: 164 p., 2 f., il.

Sign.: A-K8, L4

Idioma: Latín

S. L. P. 7

Adams-Rawles-Saunders I, F.021
(Indican que houbo dúas emisións con portadas diferentes, unha para Bonhomme e outra para Rouillé).

BUSTAMANTE S. XVI, 795

LANDWEHR: 35

PRAZ: 249

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. Res. 27600

Pergamiño

Procede do Colexio da Compañía de Xesús de Monterrey.

22. ALCIATO, Andrea

Emblemata V.C. Andreeae Alciati mediolanensis jurisconsulti, cum facili et compendiosa explicatione, quâ obscura illustrantur, dubiaque omnia solvuntur, per Claudium Minoem Divisionensem. Ejusdem Alciati vita. Editio novissima a mendis expurgata, priorique integrati restituta.

Madrid: Ex Typographic Pantaleonis Aznar, 1722.

Superiorum permissu.

♦ 8º: [12], 405, [2], [1] p. en br., il. xil.

Sign: *6, A-Z8, Aa-Bb8, Cc4

Error tipográfico de Sign., no caderno * comenza en *2

211 Emblemas. O primeiro deles: «Las abrio Franco. Mollera en Madrid 1779»

Idioma: Latín

LANDWEHR 104

Fundación Biblioteca da Casa Consulado. A Coruña. 19-4-3208

Pel con ferros dourados no lombo

23. ALCIATO, Andrea

Francisci Sanctii Brocensis In inclyta Salmanticensi Academia Rethoricae, Graecaeque linguae professoris, Coment. in And. Alciati Emblemata, Nunc denuo multis in locis accuraté

*recognita, & quamplurimis figuris
illustrata. Cum Indice copiosissimo.*

Lvgduni: Apud Gvliel. Rovillivm,
1573.

♦ 8º: 558, [26] p., il. xil.

Sign.: A-Z8, 2A-2N8, 2O4

Marca tipográfica en portada

Idioma: Latín

S. L. P. 14

BUSTAMANTE S. XVI, 2007

CAMPA: *A12

CCPB000022742-0

**Biblioteca Universitaria de Santiago
de Compostela. 6642**

Pasta

Da Compañía de Xesús de Monterrey.

24. ALCIATO, Andrea

*Francisci Sanctii Brocensis, ... Opera
Omnia Una cum ejusdem Scriptoris
Vita; Auctore Gregorio Maianso...*

Genevae: Apud Fratres de Tournes,
1766.

♦ 8º

4 vol.

III. Tomus Tertius [...] Commentaria
in Andr. Alciati Emblemata. Nunc
denuó multis in locis accuraté
recognita. Juxta Exemplar Lugdunense,
1573. Genevae, M.DCC.LXV

Idioma: Latín

S. L. P. 15

BUSTAMANTE S. XVIII, 6391

CAMPA: *A12, a ficha corresponde á
edición *Comment. in And. Alciati
Emblemata. Nunc denuó multis in locis
accuraté recognita & quam plurimis
figuris illustrata. Cum Indice*

copiosissimo, Lugduni, Apud Guliel.
Rovillium, 1573.

CCPB000117172-0

LANDWEHR: 679, a ficha
corresponde á edición de 1573 citada.

**Biblioteca Universitaria de Santiago
de Compostela. 2343-6**

Pasta

25. ALCIATO, Andrea

*Omnia Andreæ Alciati V. C.
Emblemata cum Commentariis quibus
emblematum detecta origine, dubia
omnia et obscura illustrantur. Adiectæ
nouæ apendices nusquam antea editæ
per Claud. Minoem.*

Parisiis: In officina Ioan. Richerii,
1608.

♦ 8º: [48], 968, [28] p., il. calc.

Sign.: á 8, ē8, ī8, A-3Q8, 3R4

Portada arquitectónica grav. calc. con o
retrato do autor «Jaques de Wiest's»

Idioma: Latín

S. L. P. 11

Adams-Rawles-Saunders I, F.065

BUSTAMANTE S. XVII, 433

LANDWEHR: 92

**Biblioteca Universitaria de Santiago
de Compostela. 10493**

Pergamino

26. ALMELA, Juan Alonso de

*Las Reales Exequias, y Doloroso
Sentimiento, que la muy noble y muy
leal ciudad de Murcia hizo en la
muerte del muy Catholico Rey, y Señor
Don Phelippe de Austria. II. Con dos
de los celebres Sermones Lugubres
dellas Collegidas por el Doctor Joan*

Alonso de Almela, Medico, natural y vecino de Murcia. Dedicadas al Ayuntamiento de la dicha Ciudad.

En Valencia: En casa Diego de la Torre, 1600.

♦ 8º: [16], 345, [1] p.

Sign.: ¶8, A-X8

Escudo de armas na portada.

Contén: I. *Relacion de las exequias; II. Sermones predicados en las mismas, por D. Sancho de Avila y Toledo, Obispo de Cartagena, y Fray Gregorio de Aguayo; III. Poesías latinas y castellanas, enigmas, y hieroglificas que por varios poetas fueron al Real túmulo afixadas.*

Varesii---111
Vendrell y Texido, Maria Teresa---74
Vera Tassis y Villarroel, Juan de---235
Verdussen, Juan Bautista---191
Verdussi, Hieronymi ---104
Vilagrassa, Geronimo ---17, 18, 147, 188
Villa-Diego, Bernardo de ---68, 69
Villafranca, P. de ---139
Villava, Juan Francisco de---236
Vitoria, Baltasar de---237, 238, 239, 240, 241
Villoa, Alonso de ---96
Waesbergios, Janssonio---110
Wettenhusana---160
Wierix, irmáns Huys, P. ---28
Ygnatius, Francus---235
Zafra, Antonio de---71
Zamora, Lorenzo de---242, 243, 244, 245, 246, 247, 248, 249, 250, 251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258,
Zauatta, Bartolomeo---221
Zsàmboky, Janos---259

ÍNDICE DE LUGARES DE PUBLICACIÓN

Recóllense en orde alfabética os lugares de publicación modernizados e indícase o número das fichas do noso catálogo nas cales son mencionados

- Alcalá de Henares---246, 247, 249
Amberes---7, 28, 30, 51, 52, 103, 104, 191, 200, 217, 226, 259
[Amberes]--- 35
Ámsterdam---32, 43, 189
Baeza---236
Barcelona---6, 70, 74, 77, 79, 81, 83, 85, 86, 87, 90, 238, 242, 248, 255
[Barcelona]---172, 253,
Basilea---14, 231
Bruselas---224, 234
Burgos---107, 108
Colonia ---44, 59, 60, 61, 62, 63, 157, 158, 159, 160, 161
Florencia---1, 2, 3, 4, 132
Frankfurt---41, 168, 228,
Gdansk---110
Ginebra---24
Granada---199
Huesca---117
Innsbruck---219
La Haya---225
Lisboa---171, 256
[Lisboa]---170
Lyon---13, 20, 21, 23, 37, 38, 42, 56, 57, 58, 96, 105, 135, 141, 142, 143, 145, 148, 167, 230, 232
Madrid---10, 22, 29, 36, 46, 48, 50, 53, 67, 68, 69, 71, 84, 88, 91, 94, 102, 109, 116, 118, 119, 120, 121, 122, 123, 124, 126, 130, 138, 140, 151, 152, 153, 154, 155, 166, 169, 173, 180, 181, 182, 184, 185, 186, 190, 193, 204, 222, 223, 235, 239, 240, 241, 243, 244, 245, 250, 251, 252, 254, 257
[Madrid]--- 78, 139, 203, 237
Milán---33, 178, 187
[Milán]---218
Nájera---15, 16
Nápoles ---27, 97, 127, 174
Nuremberg---128
Olite---82
Padua---39, 40, 176
París---25, 45, 47, 65, 66, 72, 73, 114, 131, 134, 156, 196, 197, 216
[París]---49, 98
Parma---175
Piacenza---100
Roma---8, 11, 12, 34, 64, 111, 112, 113, 179
Salamanca---133
San Galo---201
Santiago de Compostela---136, 137
Segovia---106
Sevilla---149, 162, 163, 227
[Sevilla]---101
Tarragona---9
Turín---221
Valencia---5, 17, 18, 19, 26, 75, 76, 89, 144, 146, 147, 188, 192, 194, 195, 205,

206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213,
214, 215

Valladolid---54, 198

Venecia---55, 95, 99, 115, 164, 165,
177, 183, 220

Zaragoza---92, 93, 125, 129, 150

[S. L.]---202, 229, 233, 258, 31, 80

ÍNDICE DE ANOS DE PUBLICACIÓN

Recóllese de maior a menor todos os anos de publicación e indícase o número das fichas do noso catálogo nas cales son mencionado

1548----21	[1601]----172
1550----200	1602 (1601)----178
[1552]----35	1602 ----163, 164
1552-1554----55	1603----120, 179, 247
1558----58	1604----242, 244, 245
[1561]----49	[1605]----253
1562 (1561)---- 27, 96	1608----25, 248, 249
1564----20	1609----254
1566----132	1610----50
1567----259, 231	1611----250, 251, 252
1569----121, 99	1612----255
1569-1573----219	1613----236, 256
1571----28	1615----15
1572----183	1615----16, 53
1573----23	1617----7, 150, 243, 257
[1575]----101	1618----52, 126, 153
1578----72	1618 (1617)----51
1581----37, 38	1621----105, 230
[1582]----14	1622----118
1586----232	1623----129
1587----9, 100	1625----217
1588----64	1626----39, 174
1591----106	1626----40, 42
1592----11, 12	1628----97
[1592]----8	1629----73, 104
[1594]----54	1630----176
1598----162	1633 ----45, 47
1600----13, 26, 228, 246	1633 (1634)----36

- 1635----103
1636----30
[1640]----226
1642----187
1643----138
1645----117, 169, 199
1647----56
[1650]----139
1650----113, 130
1652-1654----112
[1653]----203
1654----44
1655----17, 34, 43, 62, 63, 188
1657----133, 239
[1657]----237
1658----57, 198, 205, 206, 207
1658-1660----215
1659----107, 61, 108, 147, 208, 209,
210, 211
1660----119, 212, 213, 214
1661----140, 151
1664----189
1666----111, 127, 173, 180, 181, 190
1667----152, 216
1668----196, 197
1669----60, 177, 220, 224, 234
1670----18, 29, 66, 67, 156, 221
1671----227
[1671]----218
1672----95
1673----154, 240
1674----122, 123
1675----192
1676----241
1677----46, 149, 191
1679----65, 88, 182
1680----71
1682----141, 142
1683----68, 69, 143
[1683]----170
1684----19, 116, 128, 167
1685----115, 144
1687----41, 145, 148, 157
1688----5, 81, 114
1689---109, 134, 146
1690----76, 87, 89, 171, 235
1691----90
1693----82
[1693]----125
1694----158, 159, 160
1696----70
1697----136, 137
1698----83, 201
1699----110
1702----6, 131, 238
[1703]----32
1704----77, 92, 93
1705----165
1709----78, 84, 91
1710----94
1711----79, 85, 86
[1715]----33
1720----102
1722----22
1724----193
[1724]----225
1727----59
1729----1, 161
1733----3
[1734]----135
1735----2, 4
1738----168
1739----75

- 1741----222, 223
1744----10
[1748]----98
1764----166
1766----24
1778----124
1779----204
1786----194, 195
[1787]----155
1789----175, 184, 186
1790----185
1793----48
[S. A.]---- 31, 74, 80, 202, 229, 233,
258

CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE DO CATÁLOGO⁸

Nas bibliotecas da provincia da Coruña atopamos un amplio e variado repertorio de *Libros de Emblemas*, *Enciclopedias de Erudición e Repertorios de Figuracións Alegóricas*, a través do cal é posible achegarse a este xénero.

No noso catálogo temos rexistradas edicións impresas de tres séculos: 33 edicións do século XVI, 174 do XVII e 45 do XVIII, polo que podemos afirmar que é notoria a presencia de obras deste xénero do século XVII nas nosas bibliotecas, o que coincide co período de maior esplendor do xénero en España. A edición máis antiga rexistrada é de 1548, trátase da edición do *Emblematum liber* de Andrea Alciato impresa en Lyon por Bonhomme e custodiada na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) (nº 21). A edición máis nova (tendo en conta que incluímos no noso catálogo obras editadas ata finais do século XVIII) é a *Paráfrasis árabe de la Tabla de Cebes de 1793* (nº 48).

A obra fundacional da emblemática o *Emblematum liber* de Andrea Alciato, ademais da xa mencionada ten outras 12 entradas neste catálogo, sendo unha das obras más veces aludida. Tras o seu falecemento en 1550, e grazas aos seus *Emblemas* que desde 1531 foron reeditados innumerables veces ao longo da historia, Alciato comeza a ser considerado coma un clásico: os seus *Emblemas* son comentados por ilustres humanistas e chegan ata aulas das escolas de Gramática e das Universidades. Con os comentarios de Francisco Sánchez de las Brozas conservamos dous exemplares na BUSC (nº 23: Lugduni, 1573 e nº 24: Genevae, 1766) e anotados polo francés Claude Mignault temos tres, dous da mencionada biblioteca (nº 13: Lugduni, 1600 e nº 25: Parisiis, 1608) e un terceiro da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña (nº 22: Madrid, 1722). A obra alcanzou ainda maior difusión grazas ás traducións as linguas vernáculas, coma a versión en italiano impresa por Rouillé en Lyon en 1564, que tamén garda a BUSC (nº 20). Os *Emblemas* de Alciato apareceron por primeira vez traducidos ao castelán por Bernardino Daza (Pinciano) en Lyon en 1549. En 1615 imprimiuense en Nájera, tamén en castelán, a *Declaracion magistral sobre las Emblemas de Andres Alciato*, cos comentarios de Diego López; desta edición posuímos dous exemplares na BUSC (nº 15 e nº 16) e das reedicións feitas en Valencia conservamos un exemplar de 1655 na Librería conventual de San Francisco (nº 17), outro de 1670 (ao que lle faltan os preliminares) na Biblioteca Auxiliar do Arquivo do Reino de Galicia (nº 18) e un máis de 1684 na Biblioteca Particular López-Morán (nº 19). A

⁸ Coa intención de dar conclusiós globais sobre os *Libros de Emblemas*, *Enciclopedias e Repertorios de Figuracións Alegóricas* que se atopan nas bibliotecas da provincia da Coruña, nesta análise consideramos e facemos mención de obras da Biblioteca Universitaria de Santiago, que xa foron máis amplamente comentadas por dona Sagrario López Poza (2008).

última das 13 entradas da obra inaugural do xénero corresponde ao tomo cuarto das súas obras completas, editadas en Basileae, seguramente en 1582 (nº 14).

Nas nosas bibliotecas teñen representación obras tanto da Emblemática hispánica coma da emblemática internacional, de feito rexistramos obras en diferentes linguas: castelán, latín, francés, italiano, portugués, holandés... Moi frecuentemente as obras en linguas vernáculas conteñen lemas en latín. Temos tamén textos con dúas versións en paralelo grego-latín (nº 47 e nº232) e en árabe-castelán (nº48) e incluso temos obras que inclúen algunha composición en verso en hebreo (nº 74), en catalán (nº 74) ou mesmo en galego, é caso da relación das *Fiestas minervales, y aclamación perpetua de las musas, à la inmortal memoria de el ilustríssimo, y excellentíssimo señor D. Alonso de Fonseca el grande, arzobispo de Toledo, y de Santiago, por su escuela, y Universidad, impresa en Santiago de Compostela en 1697* (nº 136-137).

O castelán, que é sinalado coma lingua da edición en 144 das 259 entradas do noso catálogo, é o idioma máis recorrente nos *Libros de Emblemas, Enciclopedias de Erudición e Repertorios de Figuracións Alegóricas* das bibliotecas da provincia da Coruña. Aínda que 13 das 144 entradas mencionadas sabemos que son traducións de obras de autores estranxeiros, a cifra danos unha idea da ampla representación dos españois no noso catálogo, que as veces foron tamén traducidos a outras linguas (nº 8, nº11, nº12, nº 196 e nº197).

No noso catálogo hai edicións provenientes de 10 países diferentes. Aínda que a maioría, 138, proceden das prensas españolas, 37 foron impresas en Francia, 35 en Italia, 15 en Bélxica, 15 en Alemaña, 4 en Holanda, 4 en Suíza, 3 en Portugal, 1 en Polonia e 1 en Austria. Madrid con 65 edicións, Valencia con 26 e Barcelona con 17 son as cidades españolas onde se imprimiron a maior parte dos volumes do xénero que conservamos na provincia. Entre as cidades estranxeiras, destacan Lyon con 21 edicións, París con 16 e Amberes con 13. Ata 13 das edicións para as que sinalamos coma lingua o castelán imprimíronse fora de España: 6 en Lyon (Francia), 2 en Milán (Italia), 2 en Amberes (Bélxica), 1 en Bruselas (Bélxica), 1 en Amsterdam (Holanda) e 1 en Lisboa (Portugal). A edición de libros de emblemas españois fora das nosas fronteiras era unha práctica bastante común, dados os difíciles momentos polos que –especialmente a partires da segunda metade do século XVI– atravesaba a imprenta española. A inclusión de ilustracións gravadas dificultaba o proceso de elaboración das obras deste xénero, no que debían participar o emblematista, o artista que debuxaba os conceptos que autor desexaba plasmar, o gravador, o editor ou libreiro que debía ter a capacidade de facer un importante investimento para costear a edición e o impresor. En España moi poucas imprentas e editores dispoñían dos medios materiais e humanos precisos para a producción dun Libro de Emblemas.

Así pois, non é de extrañar que a aparición do primeiro Libro de Emblemas en castelán, as *Empresas Morales* de Juan de Borja, publicárase no estranxeiro, en Praga en 1581. Ata 1589, Juan de la Cuesta, non publicou a primeira obra deste xénero no noso país, os *Emblemas morales* de Juan de Horozco (Segovia), obra da que a Fundación Biblioteca da Casa Consulado atesora un exemplar da *editio optima* (Segovia, Juan de la Cuesta, 1591) (nº 106). Como se pode deducir dos títulos da

literatura emblemática hispánica mencionados ata o de agora, en España o xénero tivo sobre todo contido moral e relixioso. Este é o caso de moitos volumes que forman parte de bibliotecas da provincia, coma os *Emblemas morales* de Sebastián de Covarrubias, o autor do *Tesoro de la lengua* (1611) e irmán de Juan de Horozco (nº 50: Madrid, 1610); o *Gobierno general moral y político hallado en las aves* (nº 67: Madrid, 1670; nº 68 e 69: Madrid, 1683; nº 70: Madrid, 1696) e o ...*hallado en las fieras y animales silvestres* (nº 71: Madrid, 1680) de Andrés Ferrer de Valdecebro; *Las Flores de Miraflores* de Nicolás de la Iglesia (nº 107-108: Burgos, 1659); o *David pecador* de Antonio de Lorea (nº 122-123: Madrid, 1674); os *Proverbios Morales y Consejos Christianos* de Cristobal Pérez de Herrera (nº 153: Madrid, 1618); as *Representaciones de la Verdad vestida, Místicas, Morales, y Alegóricas, sobre las Siete Moradas de Santa Teresa de Jesus... careadas con La Noche Obscura del R. P. Fray Juan de la Cruz* de Juan de Rojas (nº 182: Madrid, 1679) ou as *Empresas espirituales y morales* de Juan Francisco de Villava (nº 236: Baeza, 1623).

Os emblemistas españoles produciron tamén obras de tema político, destinadas á preparación de príncipes e nobres para o goberno. Enfrontadas á visión maquiavélica da política, en estas obras tampouco se prescindía do carácter moralista característico dos Libros de Emblemas nacionais. Dous das obras más mencionadas no noso catálogo teñen esta esta temática, refírome a *Idea de un príncipe político cristiano, representada en cien empresas*, tamén coñecidas coma *Empresas políticas*, de Diego Saavedra Fajardo (nº 184-197) e o *Emblematum centum regio politica* de Juan de Solórzano Pereira (nº 202-215), ambos con 14 entradas. Das *Empresas políticas* destaca a presencia na Biblioteca da Real Academia Galega da edición impresa en Milán en 1642, que polos problemas que a versión de 1640 tivo coa censura, foi a primeira edición da versión más difundida da obra (nº 187). Mostra da universalidade desta obra é a tradución ao francés impresa en París, pola Compagnie des Marchands Libraires du Palais, en 1668 (nº 196-197) que se conserva na Fundación Biblioteca da Casa Consulado. De Juan de Solórzano Pereira, custódianse os dez volumes en dozavo da tradución ao castelán dos *Emblemas regio-políticos* feita por Lorenzo Mateu y Sanz (Valencia, 1658-1660) en dúas bibliotecas da provincia –a BUSC e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado–, a pesar de que polo común a colección áchase fragmentada. Na BUSC custódiase, ademáis, un exemplar dunha obra especialmente controvertida, o *L. Anneo Seneca, ilustrado en blasones políticos, y morales, y su impugnador impugnado de sí mismo...* de Juan Baños de Velasco y Acebedo (nº 29: Madrid, 1670), na que se defende a Séneca das acusacións de tacitista e maquiavélico que en 1650 lle botara enriba Alonso Núñez de Castro no seu *Séneca impugnado de Séneca en cuestiones políticas y morales*, obra da que conservamos unha testemuña na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán (nº 140: Madrid, 1661). Tamén de temática política e conservada na BUSC, temos o *Principe Perfecto, y Ministros aiustados, Documentos Políticos, y Morales* de Andrés Mendo (nº 133: Salamanca, 1657).

O emprego da imaxe unida á palabra favoreceu a utilización pedagóxica e propagandística dos emblemas e propiciou a aparición dese ton moralizante que

predominaba na Emblemática hispánica. A clave das potencialidades da Emblemática estaba na *pictura*, que, nun primeiro momento, apelaba á atención e, esclarecida a mensaxe, axudaba a aprendizaxe, gravando o concepto na memoria. Algunhas das obras recollidas no neste catálogo conteñen gravados de gran fermosura e valía. Incluso, nalgúns destas edicións interviñeron coñecidos pintores coma Pedro Pablo Rubens (nº 30 e 103), Bartolomé Esteban Murillo (nº 227) ou Claudio Coello (nº 141, 142 e 143). No seguinte apartado recollemos algunhas das fotografías feitas durante a elaboración deste catálogo que poden ilustrar as miñas palabras.

A Compañía de Xesús foi especialmente hábil no emprego das posibilidades didácticas e suasorias da Emblemática. A súa *Ratio Studiorum* chegou a incluír exercicios de composición de emblemas e foi frecuente a utilización de Alciato nas clases de Retórica nos colexiós xesuitas. Entre as obras de xesuitas españois mencionadas no noso catálogo están, a *Humanae salutis monumenta* de Benito Arias Montano, un dos libros relixiosos máis belos producidos nas prensas de Plantin, que se conserva na Librería conventual de San Francisco (nº 28: Amberes 1571); a *Idea del Buen Pastor* de Francisco Núñez de Cepeda do que posuímos variedade de edicións (nº 141-142: Lyon, 1682, na Librería Conventual de San Francisco e na BUSC; nº 143: Lyon, 1683, na BUSC; nº 144: Valencia, 1685, na Fundación Biblioteca da Casa Consulado; nº 145: Lyon, 1687, na BUSC e nº 146: Valencia, 1689, na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán); o *Ver, Oir, Oler, Gustar, Tocar; Empresas, que enseñan y persuaden su buen Uso, en lo Político y en lo Moral* de Lorenzo Ortiz, do que temos dúas testemuñas de dúas edicións diferentes, unha na Librería Conventual de San Francisco, impreso en 1681 en Lyon (nº 148) e outra na BUSC, impreso en Sevilla en 1677 (nº 149); os *Commentariorvm in Job libri tredecim* de Juan de Pineda, do que conservamos nas bibliotecas santiguesas 4 exemplares da primeira parte impresa en Sevilla en 1598 —que no frontispicio exhibe 12 divisas que ilustran episodios da vida de Xob— (nº 162) e 4 de la segunda parte, impresa en Sevilla en 1602 (nº 163), máis 2 exemplares impresos en Venecia, en 1602 e en 1705 (nº 164 e 165); finalmente, impresa en Valladolid en 1658 e custodiada na BUSC temos tamén unha testemuña dos *Affectos Divinos con Emblemas Sagradas* de Pedro de Salas (nº 198), adaptación española do libro de emblemas xesuítico máis difundido no século XVII, o *Pia Desideria* de Hugo Hermann (Amberes, 1624), que a súa vez baseábase noutra obra da cal conservamos un exemplar impreso en Amberes en 1625 na BUSC, o *Via Vitae Aeterna* de Antonio Sucquet (nº 217).

Outros emblemistas xesuitas extranxeiros que teñen representación nas nosas bibliotecas son: Carlo Bovio con o seu *Ignatius Insignivm, Epigrammatv et Elogiorvm centvrijs expressus* (nº 34: Roma, 1655), do que conservamos un testimonio na Librería Conventual de San Francisco; Jann David con o seu *Paradisi sponsi et sponsae*, do que custodiamos 2 exemplares, un na BUSC e outro na Biblioteca Auxiliar do Arquivo do Reino de Galicia (nº 51 e 52: Amberes, 1618); Heinrich Engelgrave de quen temos 3 exemplares da *Lux Evangelica* (nº 61 e 62: Colonia, 1655 da BUSC e da Librería Conventual de San Francisco e Colonia e 63: 1659 de nov da BUSC) e 2 do *Caelum Empyreum* (nº 59: Colonia, 1727 na Biblioteca do Instituto Compostelán e nº

60: Colonia, 1669 na BUSC) e Jeremias Drexel, do que conservamos no Instituto Teolóxico Compotelán dúas edicións das súas obras completas entre as que figuran obras do xénero coma as *Considerationes de Aeternitate, Prodromus Aeternitatis mortis nuntius, Zodiacus Christianus, Horologium auxiliaris tutelaris Angeli, Nicetas, Trimegistus Christianus, Heliotropium ou Orbis Phaeton* (nº 156: Lyon, 1647 e nº 157: Lyon, 1658).

Centrándonos xa noutras obras da emblemática internacional, ata ás nosas bibliotecas viaxaron obras de emblemistas dos Paises Baixos coma Jacobs van Cats, do que gardamos un exemplar do *Ovderdom, Buyten-Leven, en Hof-Gedachten, op Sorgh-Vliet* na BUSC (nº 43: Amsterdam, 1655); Benedictus van Haeften do que, na Librería conventual de San Francisco, temos testemuñas de dúas obras o *Regis Via Crucis* (nº 103: Amberes, 1635) e a *Schola Cordis* (nº 104: Amberes, 1629), texto do que na Fundación Biblioteca da Casa Consulado hai unha tradución ao castelán de Madrid, 1720 (nº 102); Jacobus Typotius, do que na Biblioteca da Real Academia Galega existe un volume coas dúas partes dos *Symbola Diuina & Humana* redactadas por el e a continuación que da súa obra fixo Anselme Boëce de Boodt (nº 228: Frankfurt, 1600, nº 229 e nº 31) ou Otto van Veen, de quen custódiese un exemplar do seu *Theatro Moral de toda la Philosophia de los Antigvos y Modernos, con el Enchiridion de Epicteto* na BUSC (nº 234: Bruselas, 1669). Exportada de Francia e conservada na BUSC foron *Les entretiens d'Ariste et d'Eugène* atribuída a Dominique Bonhours (nº 32: Amberes, 1703). Desde Hungría e tamén gardada na BUSC chegan *Les Emblèmes* de Janos Zsamboky (Johannes Sambucus), neste caso traducidos ao francés (nº 259: Amberes, 1567). Entre os emblemistas italianos atopamos nomes coma Paolo Giovio, do que na Fundación Biblioteca da Casa Consulado atopamos a versión en castelán do seu *Dialogo delas empresas militares y amoroosas* encadernado con as *Empresas heroicas, y Morales* de Gabriele Simeoni, traducidas tamén ao castelán (nº 96: Lyon, 1562) e moitos outros coma Lodovico Dolce, Anton Francesco Doni, Principio Fabrizi, Berlingiero Gessi, Gio Bernardino Giuliani, Girolamo Gualdo, Girolamo Ruscelli, Celestino Sfondrati, Emmanuel Tesauro etc.

Da utilización da Emblemática na Festa Pública contamos con múltiples testemuñas de relacións que narraban xa entradas triunfais, xa honras fúnebres, xa canonizacións de santos... Aínda que en moitas ocasións as *picturae* fosen só descritas nestas relación, noutras inclúense fermosos gravados que nos permiten imaxinar a magnitud de festas para as que se construíán arquitecturas efémeras que normalmente servían coma soporte para os emblemas que transmitían a mensaxe que os organizadores querían facer chegar aos asistentes. En España, a festa pública foi especialmente importante para a difusión da Emblemática, pois –debido a decadencias das nosas prensas particularmente a partir da segunda metade do século XVI– os códigos do xénero transmitíronse ao gran público a través desta vía antes que en forma de libros.

Entre as obras que describen entradas triunfais debemos destacar a aparición na BUSC del *El felicissimo viaje d'el muy alto y muy Poderoso Principe don Phelippe* de Juan Cristobal Calvete de Estrella, pues esta obra contribuyó al desarrollo de las

recibimentos triunfais nas cidades españolas (nº 35: Amberes, 1552). Tamén sobre ese mesmo viaxe do futuro Felipe II conservase na BUSC un exemplar de *Le triumphe d'Anuers, faict en la susception du Prince Philips, Prince d'Espaigne* de Cornelius Scribonius Grapheus (nº 200: Amberes, 1550). Da entrada nas principais cidades de Flandes do cardeal-infante don Fernando consérvanse na BUSC unha relación escrita por Willen vander Beke –trátase do recibimento en Gante– (nº 30: Amberes, 1636 e nº). En italiano, Domenico Mellini, narra a entrada de Juana de Austria en Florencia (nº 132: Florencia, 1566, na BUSC). De Juan López de Hoyos consérvanse tamén na BUSC a entrada en Madrid de Ana de Austria, última muller de Felipe II (nº 121: Madrid, 1569). Na Fundación Biblioteca da Casa Consulado temos a relación da viaxe de Felipe II a Portugal Madrid escrita en portugués por Joao Baptista Lavanha (nº 118: Madrid, 1622) e na mencionada biblioteca e na BUSC temos dous exemplares sobre a entrada en Madrid de Mariana de Austria, segunda muller de Felipe IV en 1649 redactados por Jerónimo Mascareñas (nº 130: Madrid, 1650). Finalmente mencionamos no nos catálogo o *Neptuno alegórico* de Sor Juana Inés de la Cruz, no que a relixiosa mexicana describe o arco triunfal que se erixiu para homenaxear ao virrei de Nova España (nº 109: Madrid, 1689).

Coma exemplos de festas relixiosas onde a emblemática tivo un papel relevante temos as narracions das celebracións polas canonizacíons de Santo Tomás de Villanueva en Valencia –feita por Marco Antonio Ortí (nº 147: Valencia, 1659, na BUSC)–, de San Ramón de Peñafort en Barcelona –escrita, seguramente, por Jaime Rebullosa (nº 172: Barcelona, [1601], na Librería Conventual de San Francisco) e por San Fernando en Sevilla –redactadas por Fernando de la Torre Farfán (nº 227: Sevilla, 1671, na Biblioteca da Real Academia Galega, na Librería Conventual de San Francisco e na BUSC)–.

En canto a utilización da emblemática nas Honras fúnebres poderíamos mencionar entre as obras das nosas bibliotecas a existencia da relación das exequias en Murcia de Felipe II de Juan Alonso de Almela (nº 26: Valencia, 1600, na BUSC); dos funerais de María Amalia de Saxonia en Barcelona en 1761, seguramente de Ramón Foxa, (nº 74: Barcelona, [S. A.], na Fundación Biblioteca da Casa Consulado); das honras adicadas a Felipe IV no Convento da Encarnación de Pedro Rodríguez de Monforte (nº 180 e 181: Madrid, 1666, na BUSC e na Biblioteca da Deputación da Coruña), das exequias de dona Isabel de Borbón en Granada de Andrés Sánchez de Espejo (nº 199: Granada, 1645); das honras funerais de María Luisa de Oleans en Madrid de Juan de Vera Tassis y Villarroel (nº 235: Madrid, 1690, na Librería Conventual de San Francisco e na BUSC), así como da descripción de Gaspar Agustín de Lara dun obelisco que se levantou á memoria de Pedro Calderón de la Barca (nº 116: Madrid, 1684,).

Do luxo e esplendor versallesco con Luis XIV temos valiosas mostras coas obras de André Félibien (nº 65: París, 1679) e Charles Perrault (nº 156: París: 1670). Dos xesuítas, que produciron repertorios ou enciclopedias con emblema ou divisas que podían servir coma motivo de invención para as festas, temos na BUSC un exemplar da *Histoire du Roy Louis le Grand par les Medailles, Emblèmes, Deuises, Féttons, Inscriptions, Armoiries, et autres Monuments Publiés de Claude François Menestrier*

(nº 134: París, 1689) e conservamos tamén unha testemuña do fermoso *Imago Primi Sæcvli Societatis Iesv de Joannes Tollenarius* (nº 226: Amberes: 1640), así coma un volume co *Libro de la honras... a la emperatriz doña María de Austria* (nº 120: Madrid, 1603), todos eles na BUSC.

En canto as encyclopedias de xeroglíficos e os tratados de iconoloxía, de medallística, de numismática e todos os que inclúen figuracións alegóricas ou mitolóxicas –dos que a Emblemática se alimentou e nos que posteriormente influítemos tamén unha ampla representación nas bibliotecas da Provincia.

A obra de Horapolo conservada na BUSC (nº 105: Lyon, 1621), as distintas edicións da obra de Giovan Piero Valeriano (nº 230: Lyon, 1621, na BUSC; nº 231: Basilea, 1567, na BUSC; nº 232: Lyon, 1586, na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán e na BUSC e nº 233: [S. L.], [S. A], na BUSC) e a mostra do *Hieroglyphicorum et medicorum emblematum dodecacroynos* de Louis Caseneuve (nº 42: Lyon, 1626 na BUSC) son mostra do interese que espertaron os xeroglíficos nos humanistas coma forma de sabedoría cifrada.

Do gusto polo estudio de moedas e medallas da antigüidade temos manifestacións coma os *Diálogos de medallas, inscripciones, y otras antiguedades* de António Agustín, que ten 6 entradas no noso catálogo polas diferentes edicións que atopamos da súa obra nas nosas bibliotecas, das cales douis son en castelán (nº 9: Tarragona, 1587, na BUSC e nº 10: Madrid, 1744, na Biblioteca da Real Academia Galega e na BUSC), tres en italiano (nº 8, 11 e 12: Roma, 1592, todos eles na BUSC) e unha en latín (nº 7: Amberes, 1617, na BUSC); o *Discorso della religione antica de romani*, de Guillaume du Choul, neste caso traducido do francés ao italiano (nº 58: Lyon, 1558, na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán), as *Medailles du Regne de Lois XV* de Nicolás Godenesche (nº 98: París, 1748, na BUSC), o *Museo de las Medallas desconocidas Españolas* de Juan Vicencio Lastanosa (nº 117: Huesca, 1645, na BUSC) e as *Medailles sur les principaux evenements du Regne de Louis le Grand* (nº 131: París, 1702, na BUSC).

Entre os tratados de figuracións alegóricas clasificamos a *Iconologia* de Cesare Ripa do que conservamos varias edicións (nº 176: Padua, 1630, na Biblioteca Municipal de Betanzos Alfonso Rodríguez Castelao; nº 177: Venecia, 1669, na BUSC; nº 178: Milán, 1602, na Fundación Biblioteca da Casa Consulado e nº 179: Roma, 1603, na BUSC). Entre os tratados de mitoloxía nomeamos, por exemplo, as *Imagines deorum* de Vincenzo Cartari, do que tamén gardamos diversas edicións (nº 37 e 38: Lyon, 1581, na BUSC; nº 39 e 40: Padua 1626, na Librería Conventual de San Francisco e na BUSC).

No noso catálogo se fai referencia tamén a Francisco Garau, que con 19 entradas é un dos autores máis veces repertoriado no noso catálogo. Del sinalamos diversas edición de varias das súas obras coma *El sabio instruido de la gracia en varias maximas, o ideas evangelicas, politicas, y morales. Tomo I e Tomo II; Tercera parte del sabio, instruido de la naturaleza, con esfuerzos de la verdad, en el tribunal de la razón, alegados en quarenta y dos maximas, politicas, y morales e El olimpo del sabio*

instruido de la naturaleza, y segunda parte de las maximas politicas, y morales, ilustradas con todo genero de erudicion sacra, y humana (nº 76-94). Estas obras encádranse máis ca na literatura de emblemas na de fábulas, pero as incluímos dada a proximidade do xénero que é o principal obxecto da nosa atención coa fabulística, a cal acostumou tamén a incluír ilustracións.

Finalmente, podemos aludir á presenza nas nosas bibliotecas de varias edicións do *Mundus Symbolicus* de Filippo Picinelli, unha compilación de emblemas nacida coa intención de servir a oradores, predicadores, académicos e poetas... coma instrumento de axuda á *inventio* (nº 157: Colonia 1687, na BUSC; nº 158: Colonia, 1694, na BUSC; nº 159: Colonia, 1694, na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán e na BUSC; nº 160: Colonia, 1694, na Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán e nº 161: Colonia, 1729, na BUSC).

En definitiva, aínda que coma todos os repertorios bibliográficos este sexa un traballo incompleto, susceptible de sufrir modificacións debido a desexables incorporacións de novos exemplares en bibliotecas da provincia, con el contribúese á identificación, localización e descripción dunha valiosa parte do noso patrimonio bibliográfico, as obras dun xénero que cobrou importancia nos últimos vinte anos e que ten reflexo en moitos proxectos de investigación, un conxunto de obras de enorme importancia desde o punto de vista da Historia do libro polas fermosas ilustracións calcográficas e xilográficas que conteñen, polo seu valor literario e artístico, pola súa influenza en diversas manifestacións culturais (pinturas, esculturas, bordados, tapices, adornos da festa pública...), etc.


REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Biblioteca da Deputación da Coruña, en <<http://www.dicoruna.es/biblioteca/index.htm>> [07/08/2013].
- BLACK, H. M (1988):, *A Short Title Catalogue of the Emblem Books and Related Works in the Stirling Maxwell Collection of Glasgow University Library (1499-1917)*, revisado por D. Weston, Aldershot, Scolar Press, en <<http://special.lib.gla.ac.uk/collection/stirlingemblem.html>> [07/08/2013].
- Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Español (CCPB), en <<http://www.mcu.es/bibliotecas/MC/CCPB/index.html>> [07/08/2013].
- Catálogo da Biblioteca da Real Academia de Galicia, en <<http://www.realacademiagalega.org/biblioteca-catalogo>> [07/08/2013].
- Catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia, en <<http://bibliotecas.absys.xunta.es/abnetopac/abnetcl.exe/O7149/ID64c824df?ACC=101>> [07/08/2009].
- CAMPA, Pedro F. (1990): *Emblemata Hispanica. An Annotated Bibliography of Spanish Emblem Literature to the Year 1700*, Durham and London, Duke University Press.
- CAMPA, Pedro F. (2001): «Emblemata Hispanica: Addenda et Corrigenda», *Emblematica. An Interdisciplinary Journal for Emblem Studies*, 11, pp. 327-376.
- Centro Bibliográfico Superior de Galicia, en <<http://www.csbg.org/>> [07/08/2013].
- DÍEZ BORQUE, José María (coord.) (1985): *Métodos de estudio de la obra literaria*, Madrid, Taurus.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, en <<http://www.fbarrie.org/>> [07/08/2013].
- FERNÁNDEZ MONTENEGRO, Mercedes e Juan Montenegro Rey (2007): «Escudos e marcas de impresores e libreiros na Biblioteca da RAG», *Nalgures*, 4.
- HERNÁNDEZ SEGURA, Amparo (1998): «La Biblioteca del Real Consulado, La fundación cultural más antigua de España», en *La Coruña. Paraíso del Turismo* [folleto promocional].
- LANDWEHR, John, (1976): *French, Italian, Spanish, and Portuguese Books of Devices and Emblems 1534 -1827. A Bibliography*, Utrecht, Haentjens Dekker & Gumbert.
- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro (1996): *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*, Santiago de Compostela, Escuela Galega Administración.
- LÓPEZ POZA, Sagrario (2008): *Libros de emblemas y obras afines en la Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, USC.

- PEDRAZA, Manuel José, Yolanda Clemente y Fermín de los Reyes (2003): *El Libro antiguo*, Madrid, Síntesis.
- PENA SUEIRO, Nieves (2007): «Potencialidades del turismo cultural en la provincia de A Coruña», *Turismo y Territorio*, A Coruña, IGETI.
- PRAZ, Mario (1975): *Studies in Seventeenth Century Imagery: «A Bibliography of Emblem Books»*, Roma, Edizioni di Storia e Letteratura, (2^a edición).
- Real Academia Galega, en <www.realacademiagalega.org> [07/08/2013].
- Rede das Bibliotecas Municipais da Coruña, en <<http://www.coruna.es/bibliotecascatalogo/index.jsp>> [07/08/2013].


ANEXO ILUSTRACIÓNS

Andrea Alciato




Andrea Alciato, *Emblemata V.C. Andree Alciati mediolanensis jurisconsulti, cum facili et compendiosa explicatione, quâ obscura illustrantur, dubiaque omnia solvuntur, per Claudiominoem Divionensem. Ejusdem Alciati vita. Editio novissima a mendis expurgata, priorique integrati restituta, Madrid, 1722 (nº 22).*

Emblemática Hispánica



Juan de Horozco y Covarrubias, Emblemas Morales de don Iuan de Horozco y Couarruuias
Arcediano de Cuellar en la santa Yglesia de Segovia, Segovia, 1591 (nº 106).




Andrés Ferrer de Valdecebro, Gouierno general, moral, y politico. hallado en las Aues mas Generosas y Nobles., sacado de svs natvrales virtudes, y propiedades..., Madrid, 1683 (nº 69).



Juan Francisco de Villava, Empresas Espirituales y Morales en que se finge, que diferentes supuestos las traen al modo extranero, representado el penitamiento, en que mas pueden señalarse: assi en virtud, como en vicio, de manera que pueden seruir à la Christiana piedad..., Baeza, 1613 (nº 236).



Diego de Saavedra Fajardo, Idea de vn principe politico christiano Rapresentada en cien empresas. Dedicada al principe de las Españas nuestro señor por por Don Diego de Saavedra Faxardo..., Milán, 1602 (nº 187).




Juan de Solórzano Pereira, Emblemas regio-políticos De don Iuan de Solorzano Pereyra, Cavallero de la Orden de Santiago, del Consejo de su Magestad en el Real de Castilla, y de Indias. Distribuido en Decadas. Decada primera. traducidos por el doctor Lorenço Matheu y Sanz, Valencia, 1658 (nº 205).

A Emblemática dos Xesuitas



Benito Arias Montano, *Humanae salutis monumenta B. Ariae Montani studio con structa et decantata*,
Amberes, 1571 (nº 28)



Francisco Núñez de Cepeda, Idea de el Buen Pastor copiada por lo S.tos Doctores representada en empresas sacras por el Padre Francisco Nuñez de Cepeda de la Compañía de Iesus, Lyon, 1683 (nº 141).



Francisco Núñez de Cepeda, Idea de el Buen Pastor copiada por lo S.tos Doctores representada en empresas sacras por el Padre Francisco Nuñez de Çepeda de la Compañía de Iesus, Lyon, 1683 (nº 141).



Lorenzo Ortiz, Ver, Oir, Oler, Gustar, Tocar; Empresas, que enseñan y persuaden su buen Uso, en lo Político y en lo Moral; que ofrece el hermano Lorenço Ortiz de la Compañía de Jesús, Lyon, 1687 (nº 148).



Carlo Bovio, Ignatius Insignivm, Epigrammatvm et Elogiorvm centvrijs expressus a Carolo Bouio Soc. Iesu, Roma, 1655 (nº 34)



.Heinrich Engelgrave, Lux evangelica sub velum sacrorum emblemata Recondita in Annis Dominicis selecta historia & morali doctrina Variè adumbrata Per Hen. Engelgrave, Societatis Iesu, Colonia, 1655 (nº 62).

Emblemática internacional




Benedictus van Haefen, Regia Via Crucis Auctore D. Benedicto Haefteno Ultraiectino Reformati Monasterii Affligeniensis Ordinis S. Benedicti Praeposito, Amberes, 1635 (nº 103).



Benedictus van Haeften, Schola cordis sieue auersi à Deo cordis ad eundem reductio, et instructio. Auctore D. Benedicto Haefteno Ultraiectino, Reformati monast. Affligenensis, Ordinis S. Benedicti Praeposito, Amberes, 1629 (nº 104).



Benedictus van Haeften, Escuela del corazon, instruccion para que el corazon averso se convierta a
Dios. Que escribió en latin el P.D. Benito Haefteno..., Madrid, 1720 (nº 102).




Jacobus Typotius, *Symbola Diuina & Humana pontificvm imperatorvm regum Accessit breuis & facilis Isagoge Iac. Typotii. Tomus Primus, Francofurti, 1600 (nº 228).*



Paulo Giovio, Dialogo delas empresas militares y amorosas, compvesto en lengva italiana, por el illustre y reverendissimo Señor Paulo Iouio obispo de Nucera. En el qual se tracta de las devisas, armas, motes, o blasones de linages, Lyon, 1562 (nº 96).

Emblemática e Festa Pública

Entradas triunfais



Joao Baptista Lavanha, Viagem da catholica Real Magestade de El Rey D. Filipe II. N.Sr. ao Rey no de Portugal. E relaçao do solemne Recebimento que nelle se lhe fer S. Mag.de., Madrid, 1622 (nº 118).

Canonizaciones



Fernando de la Torre Farfán, Fiestas de la S. Iglesia metropolitana, y patriarcal de Sevilla, al nuevo
cvlto del señor rey S. Fernando el tercero de Castilla y de Leon. concedido A todas las Iglesias de
España, por la Santidad de nuestro Beatissimo Padre Clemente X, Sevilla, 1671 (nº 227).


Exequias



Pedro Rodríguez de Monforte, Descripcion de las honras que se hicieron a la catholica Magd. de D. Phelippe quarto Rey de las Españas y del nuevo Mundo en el Real convento de la Encarnacion que de horden de la Reyna Nra Señora como super intendente de las reales obras dispuso D.. Baltasar Barroso de Ribera Marques de Malpica Mayordomo y Gentil hombre de Camara de su Magd. que Dios aya y Governador de la guarda Alemana, Madrid, 1666 (nº 180).



Juan de Vera Tassis y Villarroel, *Noticias historiales de la enfermedad, muerte, y exequias de la esclarecida Reyna de las Españas Doña María Luisa de Orleans, Borbon Stvart y Avstria, Nuestra Señora, dignissima consorte del Rey Nuestro Señor Don Carlos Segundo de Avstria*, Madrid, 1690 (nº 235).



Juan de Vera Tassis y Villarroel, *Noticias historiales de la enfermedad, muerte, y exequias de la esclarecida Reyna de las Españas Doña Maria Luisa de Orleans, Borbon Stvart y Avstria, Nuestra Señora, dignissima consorte del Rey Nuestro Señor Don Carlos Segundo de Avstria*, Madrid, 1690 (nº 235).

Tratados sobre numismática



Antonio Agustín, Diálogos de medallas, inscripciones, y otras antiguedades. Ex Biblioteca Anton. Augustini Archiepiscopi Tarracensem. Al rey nuestro señor por mano de D. Sebastian de la Cuadra, Madrid, 1744 (nº 10)



Guillaume du Choul, Discorso della religione antica de romani, composto in franzese dal S. Guglielmo Choul, gentiluomo lionesse et Bagly delle Montagne del Delfinato, et tradotto in toscano da M. Gabriello Symeoni fiorentino., Lyon, 1558 (nº 58).

Mitografías



Cesar Ripa, Delle piv che novissima Iconologia..., Padua, 1639 (nº 176).



Vincenzo Cartari, Seconda Nouissima Editione delle Imagini de gli Dei della antichi..., Padua, 1626 (nº 39).

Filippo Picinelli



Filippo Picinelli, *Mundus symbolicus*, in emblematum universitate formatus, explicatus, et tam sacris,
quām profanis eruditionibus ac sententiis illustratus, Colonia, 1694 (nº 159).

Outros gravados fermosos



Francesco Terzo, Francisci, Terti Bergomatis sereniSs. ferdinandi archidvcis avstriae dvcis
 bvgvndiae comitis tirolis etc pictoris avlici ad invictiss. caesarem maximilianvm ii. romanorvm imp.
 semper avgvstvm. avstriacae gentis imaginvm pars prima (-qvinta), Insbruck, 1569-1573 (nº 219).



L'ESCARPOLETE

*l'Escarpolete est an deduit
à passer le Jour et la nuit;
mais garde de tomber par terre ,*

*Car quand an drosle est renuerset,
si son derriere estoit de verre,
il pourroit bien estre casse'.*

a.3

Jacques Stella, Les ieux et plaisiris de l'enfance invantez par Iacqves Stella et gravez par Clavdine Bovzounet Stella, París, 1667 (nº 216).